

Concurso de Relato Curto



ILMO. CONCELLO
afrode



BASES

- 1.^a Estableceranse dúas modalidades: unha para bacharelato e outra para segundo ciclo da ESO.
- 2.^a Poderán concursar os estudantes de bacharelato e segundo ciclo da ESO nas súas respectivas modalidades.
- 3.^a As persoas interesadas poderán participar cun microrrelato — orixinal, inédito e da súa autoría— que non fose premiado en ningún outro concurso.
- 4.^a Os relatos poderán redactarse en calquera das dúas linguas oficiais de Galicia. Cada concursante poderá presentar un máximo dun orixinal.
- 5.^a O tema será libre.
- 6.^a A extensión será de entre 400 e 600 palabras, escrito en ordenador, con letra Arial de 11 puntos a dobre espazo, en follas tamaño DIN-A4 e sen asinar ou asinado con pseudónimo.
- 7.^a O relato entregárase impreso por triplicado e en arquivo electrónico (CD), en formato Word nun sobre. Así mesmo, anexarase unha plica en cuxo exterior constará unicamente o título e o lema e no seu interior o lema e o título, xunto co nome, apelidos, enderezo, teléfono e correo electrónico do autor ou autora, así como o nome do centro educativo.
- 8.^a Os traballos entregáranse no propio centro escolar, e o persoal municipal designado pasará a recollelos o 29 de febreiro de 2012 ás 13.30 h.
- 9.^a Premios en cada unha das categorías. Establecerase un **premio** en cada categoría: publicación do relato na revista *Sustansia* do mes de abril, 100 euros en cheques regalo e lotes de libros.
- 10.^a Os autores ou autoras dos traballos gañadores cederanlle os dereitos de propiedade intelectual e industrial ao Concello do Grove, que se reserva o dereito de calquera forma de publicación ou edición dos contos premiados, que quedarán en propiedade da Institución convocadora, sen que os seus autores ou autoras teñan dereito a máis recompensa que as cantidades fixadas nestas bases.
- 11.^a As obras gañadoras publicaranse na web do Concello do Grove.
- 12.^a Os traballos que non resulten premiados seranlles devoltos aos autores ou autoras que o reclamen nun prazo non maior aos trinta

días posteriores á publicación dos resultados na revista *Sustansia*. Unha vez transcorrido tal período sen seren reclamados, serán destruídos.

- 13.^a Os asuntos non especificados nesta convocatoria serán resoltos por quen organiza.
- 14.^a O prazo para a presentación de orixinais finalizará o día 29 de febreiro de 2012. O ditame do xurado farase público a primeira semana de marzo e a entrega de premios terá lugar o día 2 de abril de 2012.
- 15.^a O xurado, cuxas decisións serán inapelables, será dado a coñecer co ditame do premio.
- 16.^a A participación no concurso leva implícita a aceptación expresa de todas as condicións destas bases, incluídas a edición e a publicación, así como as decisións e o ditame do xurado, e todo iso sen necesidade de novos requisitos.

DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como o seu Regulamento aprobado polo Real decreto 994/1999 do 11 de xuño, os datos serán tratados de xeito confidencial. Os datos de carácter persoal voluntariamente enviados ao concurso poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Grove relacionados con este trámite, coa única finalidade de cumprir con todos os requisitos de participación, control, desenvolvemento, publicación na forma indicada e seguimento deste concurso. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

INFORMACIÓN

Para calquera información adicional, pódese contactar con:

Casa da Cultura “Manuel Lueiro Rey”

Rúa Monte da Vila, nº 11 36980 O Grove

Tfno. 986732341

e-mail: casadacultura@concellodogrove.com

O Grove, 2 de novembro de 2011